

2020

**Camiño a
Teixido**

ESTADO



O 26/01/2020, facemos un percorrido de 23kms de 5 tramos, os máis representativos, cunha participación de 40 camiñantes coa idea de interpretar e de paso avaliar o estado.

Temos que dicir que remitimos o programa a varias entidades "interesadas", e destacar que tanto **Aldea Nova**, como a **Casa do Morcego**, estiveron presentes na "aventura", a Administración en xeral, esa que monta xornadas teóricas e que contrata asesorías externas, non se interesou.

Fixemos paradas en:

O Couto



Muíño das Aceñas



Chalet de Cabezas



Igrexa vella de San Pedro de Loira



Capela da Fame



Capela de Reboredo



SINALÉTICA

Se é un camiño que vai a algures, tense que diferenciar porque as sinais te levan alí, e non hai perda.

No camiño a Teixido, houbo varias sinalizacións, a primeira a do Concello de Narón, que aínda conserva un par de frechas de madeira.

Posteriormente, Valdoviño, sinalizou o seu tramo, dun xeito, máis estradaturística, do que aínda quedan tamén varios exemplos.

A máis completa foi a do GAL Costa Ártabra, que non tivo mantemento ningún por parte de ningún dos 4 concellos, con que exceptuando algún panel puntual, o resto aporta unha visión indecente do camiño. E por suposto, excepto en Arnela, o resto é todo estrada pura e dura.

Por último a máis artesanal a do Club de Montaña, que ano tras ano, durante 15, buscou alternativas, recuperou tramos dos camiños vellos, tentou marchar do asfalto, pero , aínda que é do que máis queda, é insuficiente para chegar aló no Cabo do Mundo.

Tamén está a sinalización, xa no final, do fallido Sendeiro de Gran Recorrido (GR55) da Deputación, de Betanzos a Teixido.

En algures aínda queda algún dos postes "inventados" por D.X de Turismo, partes deles xa rotos.

Polo medio se entremezclan con outras rutas (tamén indefinidas), dos muíños, arqueolóxicas, xeolóxicas, ciclistas, formando un maremagnum de carteis que non aportan e ó noso parecer estorban, cando se debería estar a dar unha imaxe uniforme con todas as posibilidades.

DRÉS DE TEIXIDO

ERMIDA DE LINEIRO (CAVELA, 1877)

Coñecida como Capela da fame, da preguiza e da sede. No interior destaca un retablo de cantería con motivos pagáns do sol e a lúa, que fan referencia as orixes precristiás do culto. No exterior, na porta principal, aparece a cruz da Orde dos Templarios de San Xoán, que foron custodios do santuario de San Andrés de Teixido durante séculos.

Conocida como Capela da fame, da preguiza e da sede. En el interior destaca un retablo de cantería con motivos paganos del sol y la luna, que hacen referencia a los orígenes pre cristianos del culto.













ESTADO DO PATRIMONIO:

En xeral, según os nosos expertos, imposible de vender no estado actual

O Couto

Mosteiro románico, en bo estado (a parte externa e a da basílica) pechado con poucas posibilidades de visita.

Muíño das Aceñas

Ruína total dun edificio emblemático, cunha enseada colmatada chea de lama contaminada, un espazo que debía ser unha representación da natureza da ría.

Corredoira do Feal:

Unha representación dos antigos camiños, atópase como almacén dos madeireiros, verquidos de talleres, pegadas de tractor, zonas encharcadas e enlamadas, que fai que haxa que buscar alternativas polas beiras.



Castro de Sequeiro

Antes había un panel interpretativo que está en ferro puro, polo que un castro case perfectamente circular e cunha muralla perfectamente identificable, fai que pase desapercibido.

Chalet de Cabezas

Posiblemente o mais chamativo do percorrido, cun bo estado, pero inaccesible.

Coto do Esperón

Impresionante miradoiro natural, sen o mais mínimo mantemento, (de feito están todos os restos da celebración dos fachos) nin identificación, nin instalación algunha de interpretación.

Marco de Portonovo

Fora de todas as rutas, este fito fundamental nas divisoria municipal, fai as veces de pontona, e se non se explica nin se ve.



Igrexa vella de San Pedro de Loira

A vergoña de como se trata o patrimonio, está a pique de virse abaixo, toda unha bóveda das poucas de Galicia, por deixar ir, o curioso e que se anuncia nas webs. Que pouca vergoña.

Capela da Fame

Bo estado, dun edificio que tira a feísmo, a destacar a súa porta coas cruces de Malta, ben coidado polos veciños. E dos poucos paneis explicativos que se manteñen.



Porto do Cabo

Pobo de romeiros por excelencia, en xeral, con edificios a recuperar, en concreto o da Bastona e o arco conopial, en multitude de veces falouse de facer albergue. Caerá.





O resto do pobo ten sitios dabondo como para facer intervencións de recuperación de arquitectura popular.

Santo André

A propia entrada, xa é indecente, o km de baixada, rebentouse no seu día por unha mala execución por parte de Turismo de Galicia de mantemento e o posterior paso dos quads. O normal é que nocellos rotos fora a tónica, pedras soltas, derrubes de grandes rochas, encharcamentos, cables á altura da testa, maleza, milladoiros sen poñer en valor, a escola en ruína da entrada, xa implica algo penoso.



CLUB

ERROL







HOSTALARÍA

Haber debe de haber, pero..... ¿hai un traballo hostalaría–camiño???

Mención que debemos facer, pola súa implicación dende o momento -1, e dicimos menos 1, pois aínda non se empezara a rehabilitar o edificio e a **Casa do Morcego**, xa estaba apoiando, e así segue a ser, como dous pouquísimos (ou o único) realmente volcado no camiño, pola cantidade de veces que temos intercambiado ideas, e que sabemos que clientes, ligados o camiño, louvaron.



Casa
do
Morcego



Desta volta retomamos o prato de caldo das “Caldupeiras” que así alimentaban ós romeiros camiño a Teixido.

